



*“Áspero,
Aqui é un sitio moi alto,
moi áspero. Aquí os frutais
non houbo case nunca
e as viñas igual”*

Hortensia Expósito Martínez
“A Tena de Vilachán do Monte”



*Memoria andante,
sabia na adversidade*

Texto: **Natalia Jorge** | Fotografía: **Gustavo Rivas**



A Tena
de Vilachán do Monte

Vilachán do Monte,
Barrantes, 1937

Homenaxeada das
Festas do Alivio 2024

setembro
14/09 ● Ás 21.00 h
sábado ● Praza do Seixo

Hortensia Expósito Martínez (Vilachán do Monte- Barrantes, 1937) naceu no tempo da guerra, cando o medo campaba polo camiños, os mozos eran obrigados á combater por ideas que non lles eran propias e na noite sentíanse os pasos de quen perseguía os fuxidos da represión.

Naquela casa baixa, terreña e sen faiar, falábanse de segredos, de mulleres medio bruxas, dos homes agochados, dos buracos que lles servira de acubillo, de quen lles levou de comer ás agachadas, de quen os guiou polo monte para salvaren a vida. Para a Tena, o mestre fuxido, Antón Alonso Ríos, non era un descoñecido aínda que nunca o tivera diante. Seu pai fora un dos que lle levará de comer, e seu avó, o das *Lanchas*, un vello directivo da sociedade de agricultores e gandeiros da época da República.

A Tena foi a última en nacer, a que quedou na casa. De nena, viu marchar as xeracións mais novas camiño unha vez mais da América. Os rapaces destinados a non regresar, as mulleres destinadas á servir en casas alleas e coidar os fillos doutros.

A Tena foi criada no esforzo permanente, lembra como nin sequera o domingo podían ir xuntos á misa, había que botar as vacas porque os animais non saben de días santos.

Aquel gando era o sostén da casa. As vacas eran do gaño, con elas labraban e sacábanlle crías que vendían compartindo o lucro co dono dos animais, grandes feirantes que os cedían á cambio de mantelos. Da casa en cambio, eran os rabaños de ovellas e cabras que percorrían o fío do monte sen temer que fosen roubados. Os mellores anos e cabritos gardábanse para facer fronte á contribución. Metidos nun xergón eran levados á feira de Gondomar ou Sabarís descendendo por carreiros que miraban ao mar. A súa venta tamén servía para comprar algo para a casa, o mesmo que os feixóns, un produto cotizado naquel mercado de troca protagonizado fundamentalmente por mulleres.

De Vilachán do Monte baixaban pequenos grupos de mulleres, unhas a pé, outras nun burro, responsables do subministro do pequeno comercio. Tamén alá arriba subían outras mulleres, as peixeiras de Baiona que co cesto na cabeza trocaban a pesca polo pan e as que andaban polas casas comprando ovos, polos e galiñas para a vendelas nas vilas.

Na casa da Tena non pasaron fame. Sempre houbo pan, sempre houbo unha cunca de caldo. Ían ao *Muño Grande* ou ao do *Marcelino* co saco ao lombo por aqueles carreiros ás escuras nas longas noites de inverno. Na eira, unha

meda de millo, un bardeiro de palla, dous canizos e centeo co que manter o gando cando non se podía sacar da corte. As mans daquelas mulleres eran habilidosas, tanto andaban na terra como mazaban liño e fiaban a lá das ovellas para facer roupa de cama. Sobre o lume, unha pota a ferver ou unha tarteira de barro cun guiso de carne de porco e feixóns.

Até hai pouco a Tena peiteaba pelo longo baixo o pano da cabeza tal e como o levará antes súa nai e o resto das mulleres do lugar. **Dos pais aprendeu o oficio de andar no campo.** Ela quedou, coidounos e criou tres fillas sola. Buscou o pan co que sabía facer, andou ao xornal na casa dos doutros, a primeira vez pagáronlle 15 pts. E sáhou, moito sacharon aquelas mulleres no monte. Foron elas as que o tronzaron con cortafogos, de arriba á abaixo, todas contratadas polos encargados das plantacións de pinos da Forestal que tanto lucro deu a outros.

¿Como tería os braciños de tanto cavar? De regreso na casa, tocaba continuar. Non foi fácil. Mesmo andada a vida, a Tena e outras mulleres do lugar víronse coa aixada facendo regos no monte pero esta vez para meter auga nas casas. Fixeron quilómetros dende o nacente preto de Pinzás até as vivendas de Vilachán. Non había

tractores nin máquina ningunha, foron os veciños os que fixeron as arquetas, os depósitos, meteron as mangueiras e as mulleres abriron os reghos.

Foi un esforzo constante, alá arriba o clima é áspero. Tardaron en ter escola, tiveron eles que construíla para que enviaran a mestra. Tamén a luz demorou e só foi posible até que o Mineu de Cristelos inventou un artefacto capaz de acender a luz nas casas de Vilachán do Monte. Foron elas as que estaban cando eles marcharon. Soas sacaron a familia adiante.

A Tena sinte que non fixo nada destacado. Hoxe senta á mesa nunha sala comfortable, está renovada e afástase do uso primixenio do espazo, o do gando. De cando en vez óense ladrar os cans, olla pola xanela e pousa a man na páxina do libro que antes non tivera tempo de ler.

É rexa, constante, pousada no falar. Preocúpalle os que veñen detrás. Fala do que é inxusto sen soltar en ningún momento a páxina na que quedou. Ollo ás súas mans, di que non lle faltou un anel nin uns pendentiños, pero de laticha, non vaias pensar!

Fora, o monte. Vexo os cortafogos e penso nas súas mans, atraveso a ponte e vexo o pozo

onde lavaba a roupa e venme á cabeza: ¿Como tería os braciños?

A Tena, é unha de tantas mulleres que todos e todas coñecemos, traballadoras do campo, rexas, cos dedos tortos dunha vida entregada á terra. A Tena di que non ten méritos, mais ela é unha de tantas nais, fillas, e cidadás do mundo que sacaron soíñas a casa adiante. Son unha memoria andante, son sabías na adversidade. Ollos vixiantes que hoxe procuran saber entre as follas dun libro o que antes non puideron e que viven preocupadas porque a súa loita non sexa perdida unha vez mais. Non por elas, senón porque o fixeron polos demais, polos que viñan detrás. **Por nós.**

